

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

*Orde do 9 de outubro de 2006 pola que se modifica a do 6 de abril de 2006, pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria.*

A Orde do 6 de abril de 2006, pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria (*Diario Oficial de Galicia* nº 77, do 21 de abril), establece, no seu artigo 5, un importe total dispoñible para o exercicio 2006 de 3.794.098 euros destinado ao financiamento das subvencións que ao abeiro desta poderán ser concedidas aos seus solicitantes, «sen prexuízo de ulteriores variacións producidas como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria».

En consecuencia, ante a existencia de dispoñibilidades orzamentarias que poden ser utilizadas para os mesmos fins, cómpre ampliar de novo o importe dos créditos correspondentes ao exercicio 2006 destinados ao financiamento das subvencións que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 6 de abril de 2006, na contía adicional de 634.996,91 euros, coa finalidade de facer chegar as ditas subvencións ao maior número de beneficiarios posibles en contía suficiente para garantir unha axeitada prestación dos servizos sociais.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

#### DISPOÑO:

Artigo único.

1. Amplíase o importe total correspondente ao exercicio 2006 destinado ao financiamento das subvencións que se van conceder ao abeiro da Orde do 6 de abril de 2006, pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para investimento, mantemento e promoción de actividades e programas de servizos sociais e se procede á súa convocatoria, nas seguintes contías e aplicacións orzamentarias:

05.31.212A.780.2 por importe de 340.205 euros.

05.31.212D.480.0 por importe de 258.478,91 euros.

05.31.212D.480.2 por importe de 10.754 euros.

05.31.212D.480.5 por importe de 25.559 euros.

2. A presente modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

#### *Disposición derradeira*

Única.-A presente disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 9 de outubro 2006.

Anxo Manuel Quintana González  
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar

#### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 6 de outubro de 2006 pola que se modifica parcialmente a do 15 de maio de 2001, pola que se establecen accións encamiñadas a facilitar a simultaneidade dos estudos do grao medio das ensinanzas de músicas reguladas polo Decreto 253/1993, do 29 de xullo, cos de educación secundaria obrigatoria, bacharelato e nivel III do ensino básico para as persoas adultas.*

A disposición adicional primeira da Orde do 15 de maio de 2001, DOG do 26 de xuño, establece a prioridade para a admisión dos alumnos que cursen simultaneamente ensinanzas regradas de música e ensinanzas de réxime xeral nos centros que aparecen relacionados no seu anexo e nos concellos que nel se sinalan.

Considerando que o centro máis próximo ao conservatorio profesional de música de Ferrol, tras o seu traslado de edificio e cambio de enderezo no curso 2004/2005, é o instituto de educación secundaria Ricardo Carballo Calero; e tendo en conta os informes favorables da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais e da Inspección Educativa.

E en virtude das competencias que figuran no artigo 1 do Decreto 585/2005, do 29 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como polas atribuídas no punto 1 da disposición adicional segunda do Decreto 253/1993, do 29 de xullo, polo que se establece o currículo do grao elemental e do grao medio das ensinanzas de música e o acceso aos ditos graos, por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, esta consellería

#### DISPÓN:

Primeiro.-Modificar parcialmente o anexo da Orde do 15 de maio de 2001 pola que se establecen accións encamiñadas a facilitar a simultaneidade dos estudos de grao medio das ensinanzas de música reguladas polo Decreto 253/1993, do 29 de xullo, cos de educación secundaria obrigatoria, bacharelato

e nivel III do ensino básico para as persoas adultas, segundo figura no anexo á presente orde.

Segundo.-Esta orde entrará en vigor o vindeiro curso 2007/2008.

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2006.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria

### ANEXO

Concellos que contan con conservatorios ou centros autorizados para impartir con carácter definitivo o grao medio das ensinanzas de música.

PROVINCIA	CONCELLO	CENTRO
A CORUÑA	ARZÚA	IES. DE ARZÚA
	CORUÑA, A	IES. SALVADOR DE MADARIAGA
	FERROL	IES. RICARDO CARBALLO CALERO
	NOIA	IES. CAMPO DE SAN ALBERTO
	PONTES DE GARCÍA RÍGUEZ, AS	IES. MONCHO VALCÁRCCEL
LUGO	LUGO	IES. SANXILLO
	MONFORTE DE LEMOS	IES. RÍO CABE
	SARRIA	IES. GREGORIO FERNÁNDEZ
	VILALBA	IES. SANTIAGO BASANTA SILVA
	VIVEIRO	IES. VILAR PONTE
OURENSE	OURENSE	IES. PORTOVELLO
PONTEVEDRA	LALÍN	IES. RAMÓN M <sup>o</sup> ALLER ULLOA
	PONTEVEDRA	IES. VALLE INCLÁN
	VILAGARCÍA DE AROUSA	IES. ARMANDO COTARELO VALLEDOR
	VIGO	IES. DO CASTRO

### CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

*Orde do 13 de outubro de 2006 pola que se modifica a do 27 de abril de 2006 pola que se regula a concesión de axudas para o desenvolvemento, nas zonas dependentes da pesca, de pequenas empresas de servizos, turísticas e artesanais de actividades produtivas vinculadas ao mar.*

A Orde do 27 de abril de 2006, desta consellería, pola que se regula a concesión de axudas para o desenvolvemento, nas zonas dependentes da pesca, de pequenas empresas de servizos, turísticas e artesanais de actividades produtivas vinculadas ao mar, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 92, do 15 de maio, establece no parágrafo primeiro do seu artigo 11º a data límite para a realización da actividade axudada.

Non obstante, co fin de que os beneficiarios destas axudas poidan contar cun prazo suficiente para pode-

ren realizar a actividade subvencionada, en uso das facultades que me foron conferidas,

### DISPOÑO:

Artigo único.-Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 11º, que queda redactado como segue:

«O prazo en que debe ser realizada a actividade axudada será fixado na resolución de concesión da axuda, sen que en ningún caso poida exceder o 30 de novembro de 2006».

### Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2006.

Carmen Gallego Calvar  
Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos

### AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

*Resolución do 11 de outubro de 2006 pola que se modifican 3 ficheiros de carácter persoal da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).*

O artigo 20 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro), especifica que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros das administracións públicas só poderá facerse por medio de disposición xeral publicada no *Boletín Oficial del Estado* ou diario oficial correspondente.

Por medio da Resolución do 8 de maio de 2006 (DOG nº 96, do 22 de maio) creáronse os ficheiros automatizados de datos de carácter persoal denominados Complementos retributivos, Avaliación profesorado e Avaliadores externos.

Na súa virtude, o Consello de Dirección da ACSUG

### RESOLVE:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta resolución ten por obxecto a modificación dos ficheiros automatizados de datos de carácter persoal denominados Complementos retributivos, Avaliación profesorado e Avaliadores externos, e albergados nos servidores da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, incluíndo o seguinte punto de cesións de datos en cada un dos ficheiros:

1. Avaliadores externos.

Cesións e transferencias internacionais de datos previstas: os datos contidos neste ficheiro poderán ser cedidos en todo ou en parte a entidades finan-